



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
Currás Valle, Consuelo  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Garrote Velasco, Gil  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, M<sup>a</sup> Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Fálagan Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Domínguez Blanco, Santiago  
Rico Fuentes, Juan Jesús

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio

### SINDICATOS

González de Prado, Begoña  
Pérez Gómez, Luis

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cebro Rodríguez, Xoán  
Couto Cancela, Daniel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Gómez Fariñas, Beatriz

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de decembro de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **20 de decembro de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria, do 28 de novembro de 2019.

Non habéndose presentando alegacións en tempo e forma, apróbase a acta por asentimento.

### 2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa dos seguintes asuntos:

- Tratouse a implantación da universidade privada na reunión do Consello Galego de Universidades do pasado 9 de decembro, onde foi avalado o anteproxecto contra o voto negativo dos tres reitores das universidades do SUG. O noso Reitor puxo o acento no cumprimento estrito da legalidade e a non duplicidade de titulacións, así como na falta de información por parte da iniciativa. Houbo tamén discursos en contra por parte de Senén Barro e Alba Nogueira. Votaron a favor os tres presidentes dos Consellos Sociais. Da lectura ás titulacións de grao incluídas no proxecto. Seguiremos vixiando o cumprimento da legalidade en relación co proxecto.

- Foron invitados os tres Reitores a unha xuntanza con Ana Pontón (BNG) onde se falou do financiamento das universidades. A proposta actual da Xunta é prorrogar por un ano o plan de financiamento vixente. Os tres Reitores pensan que se deben dedicar máis recursos ao sistema público de universidades en Galicia. Agarda un posicionamento favorable dos grupos políticos.

- En canto ás titulacións, fala: do mantemento das 4 titulacións inicialmente cuestionadas pola Xunta de Galicia e do acordo dentro do SUG promovido pola Uvigo, das titulacións obtidas no marco do mesmo (o Grao dual no ámbito da automoción e o Grao en Relacións Internacionais), da posibilidade dun PCEO en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática e Enxeñaría Mecánica, así como das dificultades na posta en marcha do Grao en Deseño e Creación. Respecto da titulación do Grao dual de enxeñaría solicitouse un incremento de prazas e un cambio respecto da denominación inicial. Respecto da titulación de Relacións Internacionais, comenta que están a traballar dúas delegacións das universidades implicadas (A Coruña e Vigo), de cara ao traballo futuro da comisión. Respecto do Grao en Deseño e Creación, haberá unha xuntanza coa Consellería de Educación cara a análise das regras de xogo relativas a esta titulación, xa que o problema parece estar nunha colisión con outros títulos presentes no SUG. Haberá avances no próximo mes. Respecto do máster en Aeronáutica, que será interuniversitario, existe a garantía de que impartirase exclusivamente no Campus de Ourense, aínda que poida haber profesorado da Universidade da Coruña. O equipo de goberno comezará a traballar no plan de estudos, tentando que sexa posible implantala para o próximo curso.

- Nunha reunión coa Conselleira falouse da necesidade de reformar o Decreto 222/2011 que regula o número de alumnos necesario para manter as titulacións. A actitude da Conselleira foi positiva, aínda que a reforma non sería inmediata. Nun escenario de baixada de alumnos, haberá que atopar outros criterios.

- Constituíronse os Consellos de Dirección dos tres Campuses de Especialización (Crea, Auga e Vigo-Tecnolóxico). Agradece a todas as persoas integrantes dos Comités.

- Agradece a incorporación da Decana de Fisioterapia ao Consello de Goberno.

### **3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario de 2020.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Economía que indica cal é o teito de gasto para o exercicio orzamentario do 2020, calculado segundo a indicación da Xunta de Galicia. Ascende a 196.138.842,49 euros.

Apróbase por asentimento

### **4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2020.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Economía, que emprega unha presentación de power point para dar a coñecer a información principal das liñas orzamentarias para o ano 2020. O Sr. vicerreitor comeza expoñendo os condicionantes legais e económicos e amosa a evolución da posición financeira da Universidade de Vigo. Fala do mantemento do equilibrio orzamentario desde 2012 e da incentivación da captación de recursos. Continúa falando do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 e amosa a súa evolución. En relación co capítulo de ingresos, estímase uns ingresos cun 6.82% de crecemento respecto do ano pasado, debido a diferentes factores. Presenta un resumo por capítulos dos ingresos orzamentarios, diferenciando entre ingresos afectados e non afectados, de cara a aprobación do teito de gasto no próximo Consello de Goberno e no Consello Social. Presenta tamén o orzamento de gastos detallado por capítulos e por tipoloxía.

O Sr. Emilio Fernández pide certa información e procede a analizar certos datos. Pregunta como se interpreta o gráfico número catro da presentación, que reflexa a evolución no tempo dos ingresos correntes e gastos correntes, xa que neste ano parece invertirse a tendencia de anos anteriores. O Sr. Rodrigo Cerviño dá unha explicación que ten que ver con que os custos indirectos metéronse no capítulo sétimo, e co réxime dos centros singulares. O Sr. Emilio Fernández sinala o incremento orzamentario e comenta que está asociado aos fondos finalistas, cun incremento notable do capítulo uno. Pregunta por

onde se baixan os orzamentos e atopa reducións en certos lugares: 1.56% no apartado de docencia, un 3.52% en apoio a docencia, un 5.86% en fondos bibliográficos, en bolsas para estudantes, na Vicerreitoría de Transferencia, e tamén baixa en axudas á investigación. Entende que apóstase por ascensos no capítulo uno, pero que hai baixadas en outras partidas, aínda que recoñece que a marxe é escasa. Entende que xa estamos ao límite en certas partidas. Pensa que habería outras alternativas. Tamén comenta a baixada do orzamento da Valeduría da Universidade. O Sr. vicerreitor de Economía comenta que o incremento en canto aos ingresos de 12.460.000 euros, en torno a sete millóns están afectados. Do resto, máis ou menos a metade lévao a subida salarial que se ten que producir por lei. A Xunta de Galicia non financia o 100% desta subida salarial. A Universidade de Vigo tivo que aportar do seu orzamento corrente nos tres últimos exercicios. A resposta da Xunta foi que o seu financiamento é estrutural, polo que depende das decisións políticas da Universidade. Asemade, o novo convenio colectivo de limpeza supón 900.000 euros. Finalmente, están as políticas de retención de talento, de profesorado e PAS, para baleirar as bolsas de acreditados, etc. Todas estas razóns levaron á reestruturación orzamentaria. Unha das partidas foi a de fondos bibliográficos, que se baseou na eficiencia do gasto. Compara, así mesmo, o custo de fondos bibliográficos entre as tres universidades do SUG. Fala da contabilidade analítica, recién implantada na Universidade de Vigo, que será unha ferramenta moi útil de cara á preparación de futuros orzamentos.

A Sra. Carmen Ruiz amósase preocupada polo recorte en fondos bibliográficos, particularmente no eido xurídico, económico, social e humanístico, onde é a ferramenta fundamental. Lembra os problemas do curso pasado acontecidos en relación coa execución de dita partida. Propón que o reparto sexa máis eficiente, premiando aos centros, departamentos e áreas que executan as súas partidas. A Sra. vicerreitora de Investigación fala da reunión da Comisión de Biblioteca, onde se deixaron 100.000 euros para mercar libros e así mesmo fondos bibliográficos; recortouse en revistas de papel que xa están en formato electrónico e revistas en papel pouco empregadas, aínda que os recursos que se necesiten poderánse pedir por outras vías. Facendo esta análise, fíxose unha reestruturación eficiente. A Sra. Ruiz, agradece a explicación, pero insiste na necesidade de que se merquen libros. A Sra. vicerreitora de Investigación anuncia que haberá novas reunións e unha mellor explicación da reestruturación. A Sra. Ruiz confía en que a partida de libros se siga mantendo. O Sr. vicerreitor de Economía comenta que puido haber erros no reparto do curso pasado, pero que se corrixiu, aínda que foi tarde.

O Sr. Mollinedo entende que o importante é saber gastar. A CIG presentou que se contemplan partidas relativas ao PAS, e bota en falta que non advirte partidas que recollan as promesas electorais. O Sr. reitor recoñece o retraso do cumprimento de certas promesas relativas ao PAS, pero agarda que haxa adiantos no proceso de funcionarización proximamente, o que permitirá certos aforros que poden revertir en melloras para o PAS, dependendo da negociación colectiva. O Sr. Mollinedo pregunta se realmente a cantidade que se aforrará coa funcionarización cubriría efectivamente as promesas electorais cara ao PAS. O Sr. reitor entende que si, segundo as contas que manexa.

O Sr. Luis Pérez retoma a intervención anterior, de cara aos compromisos políticos do equipo de goberno, particularmente, co PAS. En relación coa funcionarización, cuestiona que todo o PAS estea de acordo en solicitalo e agarda que non se empregue esta cuestión como elemento de forza nas negociacións sindicais. Pregunta por que non se plantea a funcionarización de todo o PDI. Entende que o tema da funcionarización leva moito tempo enriba da mesa e que non é a panacea para resolver todos os compromisos electorais. Pregunta cales son os intereses que poden estar detrás da promesa da funcionarización, aínda que todo dependerá da oferta final que sexa presentada. Comenta, no eido orzamentario, se se están valorando outras solucións de aforro presentes noutras universidades, como na Rey Juan Carlos. O Sr. reitor comenta que agarda que as negociacións vaian ben e que non é posible pasar a todos os contratados doutores a profesores titulares de universidade. O Sr. Luis Pérez comenta que o problema é a legalidade vixente e a truxaxe das regras de xogo.

O Sr. Jesús Rico comenta a súa impresión sobre os datos relativos as bolsas para o alumnado de doutoramento e non entende cómo os recortes repercuten na eficiencia orzamentaria. O Sr. Martín Moreno comenta que non vencellou a eficiencia cos recortes nas bolsas para os estudantes. Recoñece a

baixada pero comenta que as bolsas da Universidade de Vigo superan os dous millóns de euros. O Sr. Rodrigo Cerviño comenta que a baixada é soamente de 70.000 euros. O Sr. reitor espera que unha serie de bolsas que estaban cubertas con fondos propios, poidan ser cubertas con financiamento externo.

O Sr. Emilio Fernández reitera a pregunta sobre o recorte na Valeduría da Universidade. O Sr. Rodrigo Cerviño comenta que se falou coa Valedora e que estivo de acordo, xa que nunca era executado na súa totalidade.

Procédese á votación.

Votos a favor: 36

Votos en contra: 5

Abstencións: 2

Apróbase por 36 votos a favor.

#### **5. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, que indica que se retira este punto. O día 18 de decembro publicouse o regulamento no apartado da páxina web da Universidade “*Normativa para exposición e debate*”. Todos os membros da comunidade universitaria poderán presentar propostas de mellora ante a Secretaría Xeral ata o día 31 de xaneiro.

Decae o punto.

#### **6. Aprobación, se procede, do acordo para a mobilidade entre campus do PDI con vinculación permanente con carácter previo á creación de novas prazas ou cobertura de vacantes.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen indica as liñas básicas do acordo para a mobilidade, que foi acompañado co resto da documentación da convocatoria desta reunión. Foi levado á mesa de negociación que o aprobou por unanimidade. Basicamente recolle a idea de que cando se creen prazas novas neste eido haxa un proceso de mobilidade interna, para que poida optar o persoal permanente, segundo o campus. Era un tema pendente cara a un futuro regulamento, e pensouse adiantalo para esta convocatoria. Despois da mesa de negociación pasouse o documento ao Xefe de Servicio de PDI, que suxeriu suprimir a expresión “con contrato indefinido”. Engadiuse na negociación que quen se traslade o faga por tres anos. O Sr. reitor sinala que o acordo foi unánime.

O Sr. Gil Garrote comenta as dúbidas dalgún Ramón y Cajal do seu centro, cara á captación destas figuras por parte da Universidade. Pensa que poden darse casos contraproducentes ou que se busque o traslado en función da folgura. O Sr. vicerreitor entende que esta normativa non inflúe en desequilibrios de docencia entre campus. Esta normativa é un primeiro paso, cara a un futuro regulamento de mobilidade, que se comezará a negociar despois das vacacións de Nadal. Quérese avanzar máis nestas cuestións, cara a desvencellar o posto de traballo da carga docente. Xa temos varios Ramón y Cajal desprazados. A política é sacar a praza onde estea situado o Ramón y Cajal. Pensa que a solución é satisfactoria e agradece á parte sindical o seu talante negociador.

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade e Profesorado Contratado Doutor correspondentes ao 15% das OEP de 2018 e 2019 reservado para investigadores Ramón y Cajal con certificación I3, e a creación das prazas correspondentes.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Retómase o punto do anterior Consello de Goberno. Temos un total de nove prazas entre as ofertas de 2018 e 2019. Hoxe sácanse cinco e as restantes traeranse despois de negociar os criterios. En febreiro sairá unha nova convocatoria do selo I3 por parte do Ministerio e cabe agardar ata ese momento. Saen dúas prazas de contratado doutor e tres de profesor titular de universidade. A estas prazas se lles aplica o acordo sobre mobilidade aprobado no punto anterior.

O Sr. García Cutrín plantea unha pregunta sobre o campus de destino definitivo dos Ramón y Cajal, e se non será mellor ter en conta outros criterios, de cara á futura normativa. O Sr. reitor entende que debería facerse un acordo a nivel galego respecto disto, e que así o expuxo no Consello Galego de Universidades. O Sr. Manolo Ramos entende que o debate respecto da normativa de mobilidade vai ser longa e quere desdramatizar o concepto de “adscripción ao Campus”.

Apróbase por asentimento.

**8. Aprobación, se procede, dos criterios para autorizar a prestación de servizos a tempo parcial en empresas da Universidade de Vigo.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicexerenta de Contratación e SS.XX. para que explique a proposta, baseada nunha semellante da Universidade de Zaragoza. A Sra. vicexerenta describe a proposta, que foi acompañada coa documentación, e indica que debe engadirse o termo “a tempo completo” en relación co profesorado destinatario da mesma.

Apróbase por asentimento.

**9. Cambio de denominación, se procede, da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, quen informa de que este acordo foi adoptado pola Facultade de Educación de Ourense, por petición expresa do alumnado de Tráballo Social, de xeito que se incorpore o seu título ao nome da titulación. É o inicio do proceso, que continuará no Consello de Goberno e no Consello Social, e finalizará na Xunta de Galicia. A continuación, fala a Sra. decana da Facultade de Educación de Ourense, D<sup>a</sup>. Mar García Señorán, quen subliña o interese da proposta. Insiste en que tanto a xunta de titulación como a de centro aprobaron a proposta para mellorar a visibilidade do título, manifestada tanto polos estudantes como polo profesorado, e a competitividade da Universidade de Vigo neste eido, comparado co panorama nacional (Universidade de Valladolid, Universidade de Lleida...). Tamén o puxo de manifesto o Colexio Profesional de Traballadores Sociais de Galicia. Como representante do centro pide o apoio do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o cambio de denominación do centro, que pasará a chamarse Facultade de Educación e de Tráballo Social.

**10. Aprobación, se procede, da composición do Comité de Xestión do Risco Biolóxico.**

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación. Sinala que o Comité xa fora aprobado como tal en 2018, para investigacións relacionadas co risco biolóxico de nivel 3, o que será posible proximamente nun laboratorio da Universidade de Vigo. Describe cales son os membros, que figuran nun documento que foi acompañado.

Apróbase a proposta por asentimento

**11. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación (1 estudante).**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non caben eleccións.

**12. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado (1 estudante).**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non caben eleccións.

**13. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas polo que non caben eleccións.

**14. Quenda de intervencións.**

O Sr. representante do Consello Social quere que o Reitorado inflúa no que el entende que sería o desmantelamento do Campus de Ourense, cara a certos feitos recentemente publicados nos medios. O Sr. reitor fala da reunión que tivo coa Plataforma pro Campus e indica que se defenderán todas as titulacións. Pensa que debemos insistir nas fortalezas do Campus, en canto as súas titulacións e investigación.

O Sr. Luis Pérez agradece as xestións feitas relativas á Biblioteca do Campus de Ourense sobre o radón. Tamén pregunta sobre a representación sindical no Consello de Goberno. Asemade, comenta que exporá o asunto da xubilación anticipada do PAS. O Sr. secretario xeral responde que hai un informe da Asesoría Xurídica ao respecto que sinala que debe manterse a situación actual, pero que estudárase unha solución global inmediata. O Sr. Luis Pérez comenta que os cambios na representación poden afectar ás persoas presentes e que xa houbo problemas coa representación sindical no claustro, e que pode levar a situacións contraditorias. Cre que nos Consellos de Campus non hai representación sindical neste momento. E para rematar, sinala que a representación neste órgano está consensuada. Pensa que a representación sindical vai ligada aos procesos electorais sindicais. Entende que os regulamentos de Consello de Campus foron reformados erroneamente. O Sr. secretario xeral comenta que o problema estará resolto para o seguinte claustro, aínda que os Sr. Luis Pérez entende que debe ser antes.

O Sr. Carlos Mollinedo fala dun escrito recibido sobre o calendario laboral e pregunta á Sra. xerenta por que só se presentan alegacións, e que se debería convocar aos comités de empresa para discutir o período de vacacións dos traballadores. A Sra. xerenta comenta que recibiu as alegacións dos sindicatos e que non habería problema en chegar a un acordo.

O Sr. Fálagan fala dun rogo que se fixo na última reunión da xunta da súa facultade en relación coa creación da universidade privada. Procede a dar lectura á petición do profesor Carlos Álvarez Villamarín, pedindo a reprobación do presidente do Consello Social, apoiada por unha gran maioría do seu centro. O Sr. reitor entende que se trata dun rogo e que estudará a resposta que se debe dar a este asunto do xeito máis adecuado.

O Sr. Iñigo Cuiñas faise eco da petición dun programa de doutoramento cara a EIDO para que a súa web estea en inglés e pedir que as comunicacións poidan desenvolverse nesa lingua, e non só en castelán e en galego. O Sr. reitor sinala que está de acordo e pregunta polos formularios que sería mellor axustar de xeito inmediato.

A Sra. Begoña González pregunta pola paga extra e pola ferramenta do SUXI. O Sr. reitor indica que a paga extra está xa solucionada. O Sr. Rodrigo Cerviño explica o estado da plataforma e os atrancos que retrasan a súa posta en funcionamento.

A Sra. Carmen Ruiz pregunta se haberá unha instrución sobre a regulamentación de centros e departamentos. O Sr. secretario xeral indica que está en marcha un proxecto.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:28 h. do día 20 de decembro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral